

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL PONTE CALDELAS

Ordenanzas e Regulamentos

APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA MUNICIPAL DE PROTECCIÓN DO MEDIO AMBIENTE, LIMPEZA E PROTECCIÓN CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS.

EDICTO

Aprobación definitiva

O Pleno da Corporación Municipal, en sesión ordinaria celebrada o 29 de setembro de 2016, aprobou inicialmente a ordenanza municipal de protección do medio ambiente, limpeza e protección contra incendios forestais do Concello de Ponte Caldelas, publicouse no Boletín Oficial da Provincia en data 10.10.16 e estivo sometido a información pública polo prazo de 30 días hábiles. Dado que se presentaron dúas reclamacións e sometida de novo ao Pleno, foi aprobada por maioría absoluta a súa aprobación definitiva e procédese de seguido á publicación do texto íntegro:

ORDENANZA MUNICIPAL DE PROTECCIÓN DO MEDIO AMBIENTE, LIMPEZA E PROTECCIÓN CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DO CONCELLO DE PONTE CALDELAS.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

De conformidade coa potestade regulamentaria atribuída polos artigos 4.1 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora do Réxime Local e 6.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia, o Concello de Ponte Caldelas por medio da presente Ordenanza propónse:

- A regulación da limpeza da vía pública como consecuencia do uso común dos veciños e veciñas, así como as accións de prevención orientadas a evitar o ensuciamento da mesma e a xestión dos residuos urbanos que sexan competencia do Concello.
- A regulación da obriga de limpeza dos terreos situados no solo no ámbito das súas competencias co obxecto de conseguir as axeitadas condicións de salubridade e seguridade para previr e evitar os incendios.



A tenor do disposto no artigo 26.1.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, a limpeza viaria é un servizo mínimo obrigatorio cuxa titularidade pertence ó Concello.

No mesmo sentido, a tenor do disposto no artigo 12.5 da Lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados, establécese que corresponde ás Entidades Locais, ou as Deputacións Forais cando proceda:

- Como servizo obrigatorio a recollida, transporte e o tratamento dos residuos domésticos xerados nos fogares, comercios e servizos na forma en que establezan as súas respectivas ordenanzas no marco xurídico do establecido nesta Lei, das que no seu caso ditan as Comunidades Autónomas e da normativa sectorial da responsabilidade ampliada do produtor. A prestación deste servizo corresponde ós municipios que poderán levala a cabo de forma independente ou asociada.
- O exercicio da potestade de vixilancia e inspección, e a potestade sancionadora no ámbito das súas competencias.
- As Entidades Locais poderán:
 - Elaborar programas de prevención e de xestión dos residuos da súa competencia.
 - Xestionar os residuos comerciais non perigosos e os residuos domésticos xerados nas industrias nos termos que establezan as súas respectivas ordenanzas, sen prexuízo de que os produtores destes residuos poidan xestionalos por si mesmos nos termos previstos no artigo 17.3. Cando a entidade local estableza o seu propio sistema de xestión poderá impoñer, de maneira motiva e baseándose en criterios de maior eficiencia e eficacia na xestión dos residuos, a incorporación obrigatoria dos produtores de residuos a dito sistema en determinados supostos.
 - A través das súas ordenanzas, obrigar ó produtor ou a outro posuidor de residuos perigosos domésticos ou de residuos cuxas características dificultan a súa xestión a que adopten medidas para eliminar ou reducir ditas características ou a que os depositen en forma e lugar adecuados.
 - Realizar as súas actividades de xestión de residuos directamente ou mediante calquera outra forma de xestión prevista na lexislación vixente sobre réxime local. Estas actividades poderán levarse a cabo por cada entidade local de forma independente ou mediante asociación de varias Entidades Locais.

Do mesmo xeito a Lei 10/2008, de 3 de novembro de residuos de Galicia, no seu artigo 5 establece:



“Competencias das entidades locais en materia de residuos:”

1. As entidades locais serán competentes para a xestión dos residuos urbanos nos termos previstos na presente lei e na Lei 10/1998, de 21 de abril, de residuos.

2. En particular, corresponde ós municipios:

a) Prestar, por si solos ou asociados, os servizos derivados da xestión dos residuos urbanos ou municipais na forma que se estableza nas súas respectivas ordenanzas e, en seu caso, plans de xestión de residuos. Os municipios xestionarán os servizos públicos de recollida, transporte, valorización e eliminación de residuos urbanos ou municipais de forma directa o indirecta.

b) Implantar sistemas de recollida selectiva de residuos urbanos ou municipais que posibiliten a súa reciclaxe e outras formas de valorización.

c) Chegar a acordos con quens produzan residuos comerciais para a consecución da súa correcta xestión.

d) Elaborar os plans de xestión de residuos urbanos, de acordo co que, no seu caso, se estableza na presente lei e nos plans de residuos da Comunidade Autónoma de Galicia.

e) Xestionar adecuadamente os residuos urbanos ou municipais abandonados en vías ou espazos públicos de titularidade municipal.

f) Vixiar, inspeccionar e sancionar no ámbito das súas competencias.

g) Exercer as competencias que, no seu caso, lles sexan atribuídas con carácter temporal ou permanente polas administracións competentes, mediante acordos ou calquera outro instrumento administrativo. Dito exercicio poderá levarse a cabo directamente ou mediante a constitución e participación en entes supramunicipais ou de outra índole de entre os previstos no ordenamento xurídico.

Por último, a presente ordenanza é de aplicación no marco do disposto na Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, na Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais, Orde de 31 de xullo de 2007 que establece criterios de xestión da biomasa vexetal e tamén da Lei 2/2016 do solo de Galicia.

TÍTULO I.—DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1.—A presente Ordenanza ten por obxecto a regulación no termo municipal de Ponte Caldelas das seguintes actuacións e actividades:



- a) A limpeza das vías e espazos públicos.
- b) A recollida de residuos sólidos e o seu traslado e tratamento.
- c) A limpeza e mantemento de espazos privados.
- d) O cerramento de solares, predios e espazos privados que dean ou linden coa vía pública e beirarrúas.
- e) A protección do dominio público e do medio ambiente.
- f) Establecer as condicións para levar a cabo a limpeza de terreos e a fixación das distancias para plantacións nos terreos clasificados como urbanos, de núcleo rural ou urbanizables delimitados.

Artigo 2.—Definicións

a) Residuos domésticos.—terán a condición de residuos domésticos os xerados nos domicilios particulares como consecuencia das actividades domésticas e os similares ós anteriores xerados en servizos e industrias.

Inclúense tamén nesta categoría os residuos que se xeren nos fogares de aparatos eléctricos e electrónicos, roupa, pilas, acumuladores, mobles e enseres.

Terán a consideración de residuos domésticos os residuos procedentes da limpeza de vías públicas, zonas verdes, áreas recreativas, os animais domésticos mortos e os vehículos abandonados.

b) Residuos comerciais.—residuos xerados pola actividade propia do comercio, dos servizos de restauración e bares, das oficinas e dos mercados, así coma do resto do sector servizos.

c) Restos capaces de producir un risco de incendio: aqueles materias de fácil combustión e elevada inflamabilidade que poidan orixinar ou facilitar a propagación dun incendio forestal, tales como as leñas, ramas, cortezas ou similares que se xeran tralo aproveitamento das masas forestais.

d) Xestión da masa vexetal: a creación e mantemento da descontinuidade horizontal e vertical da carga de combustible, a través do control ou eliminación parcial ou total da masa vexetal por medio do emprego das técnicas máis recomendadas e coa intensidade e frecuencia para o cumprimento desta ordenanza.

e) Solo urbano: terreos que o planeamento urbanístico municipal tivera definido e clasificado como tal en virtude do disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.



f) Núcleos rurais: terreos que se inclúan dentro dos núcleos rurais delimitados no planeamento municipal en virtude do disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

g) Solo urbanizable: Constituirán o solo urbanizable os terreos que o planeamento considere necesarios e axeitados para permitir o crecemento da poboación e da actividade económica ou para completar a súa estrutura urbanística en virtude do disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

h) Residuos voluminosos.—aqueles que non poden evacuarse polos medios de recollida normais debido á súa envergadura, tales como electrodomésticos, mobles, chapas de metal, madeiras, etc.

i) RAEE's: Residuos de Aparatos Eléctricos e Electrónicos.

j) Residuos perigosos no fogar: todos aqueles residuos xerados nos fogares con características de perigosidade.

Artigo 3.—En todo o que non se atope regulado na presente Ordenanza será de aplicación o disposto na Lei 10/2008 de 3 de novembro de residuos de Galicia, na Lei 22/2011 de 28 de xullo de residuos e solos contaminados, na Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, na Lei 2/2016 do Solo de Galicia, na lexislación reflectida no Título IX e demais disposicións aplicables en cada momento.

Artigo 4.—Obrigas

4.1.—Todos os habitantes de Ponte Caldelas están obrigados, no que concirne á limpeza do Concello e á prevención de riscos de incendio forestal, a observar unha conduta encamiñada a evitar e prever a sucidade e os incendios forestais.

4.2.—Todos os cidadáns están obrigados ó cumprimento da presente ordenanza e das disposicións complementarias que na materia de limpeza en xeral, mantemento de ornato público ou da estética, e prevención de riscos de incendio forestal do Concello, dite a Alcaldía en calquera momento no exercicio das súas facultades.

4.3.—O Concello obrígase a atender as reclamacións, denuncias e suxerencias dos cidadáns, exercendo as accións que en cada caso correspondan.

4.4.—A autoridade municipal poderá esixir, en todo momento, o cumprimento inmediato da presente ordenanza, obrigando ó causante dun deterioro á reparación da afección causada, sen prexuízo da sanción que corresponda.



4.5.—Os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións cumprarán os deberes de uso, conservación e rehabilitación a que se refire o artigo 135 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia:

a) Empezar a edificación ou rehabilitación nos termos e prazos establecidos na lexislación vixente. O deber de edificar inclúe o deber dos propietarios de terminar as edificacións para cuxa execución obtiveron a preceptiva licenza.

b) Destinalos aos usos que sexan compatibles coa ordenación territorial e urbanística.

c) Conservalos nas condicións legais para servir de soporte aos devanditos usos e, en todo caso, nas de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato legalmente esixibles.

d) Realizar os traballos e as obras necesarias para satisfacer os requisitos básicos da edificación establecidos nas normas legais que lles sexan esixibles en cada momento.

e) Realizar obras adicionais por motivos turísticos ou culturais ou para a mellora da calidade e sustentabilidade do medio urbano.

O deber de conservación a cargo dos propietarios alcanza até o importe correspondente á metade do valor actual de construción dun inmovible de nova planta, equivalente ao orixinal en relación coas características construtivas e a superficie útil, realizado coas condicións necesarias para que a súa ocupación sexa autorizable ou, de ser o caso, quede en condicións de ser destinado legalmente ao uso que lle sexa propio.

4.6.—Os propietarios de terreos conservarán e manterán o solo natural e, de ser o caso, a masa vexetal nas condicións precisas que eviten a erosión e os incendios, impedindo a contaminación da terra, o aire e a auga, e demais condicións que se determinen na lexislación vixente.

4.7.—A Alcaldía a proposta dos servizos municipais correspondentes, sancionará de acordo co establecido nesta ordenanza os que contraviñeren o disposto na mesma.

TÍTULO II.—DA LIMPEZA DA VÍA PÚBLICA

Capítulo I.—Da limpeza da vía pública como consecuencia do uso xeral dos cidadáns

Artigo 5.—Considérase vía pública os camiños, prazas, rúas, paseos, parques, augas de fontes e estanques, pontes e demais obras públicas de aproveitamento ou utilización xenerais cuxa conservación e policía sexan de competencia da entidade local.



Artigo 6.—Queda prohibido tirar e abandonar na vía pública toda clase de produtos de estado sólido, líquido ou gasoso. Os residuos sólidos de pequeno formato como papeis, envoltorios, pequenos envases ou similares deberán depositarse nas papeleiras instaladas ó efecto ou nos colectores do servizo de recollida de lixo. Prohíbese igualmente botar no chan calquera clase de desperdicio dende os vehículos, xa estean parados ou en marcha.

Artigo 7.—*Animais domésticos*

7.1.—Os animais domésticos non deberán de ensuciar as rúas, parques, prazas e demais espazos públicos, estando obrigados os seus donos/as á recollida de tódolos excrementos mediante bolsas ou calquera outro sistema axeitado a tales efectos, así como levalos suxeitos con correa. En todo caso estarase ó que dispoñan as normas e demais disposicións relativas á tenza de animais. Das infraccións serán responsables as persoas que participaran na súa comisión, o propietario ou o posuidor do animal.

7.2.—Prohíbese o abandono de cadáveres de calquera animal sobre toda clase de terreo, vía ou espazos públicos, incluído colectores do lixo, así como a súa inhumación en terreos de propiedade pública. No caso de inhumación de animais de compañía en terreos de propiedade privada deberán de cumprir o establecido no Decreto 72/2016 de 9 de xuño, polo que se regulan determinados sistemas de eliminación de subprodutos animais non destinados ó consumo humano en Galicia.

Artigo 8.—Prohíbese arroxar ou depositar desperdicios, embalaxes e, en xeral, calquera tipo de residuos nas vías públicas ou privadas, e nos seus accesos e nos solares ou fincas, debendo utilizarse sempre os elementos de limpeza viaria (colectores, papeleiras,...) especificamente destinados a tal fin e, en todo caso, serán depositados en bolsas ou sistemas análogos.

Capítulo II.—*Da sucidade da vía pública a consecuencia de obras e actividades diversas*

Artigo 9.—Todas as actividades que poidan ocasionar sucidade na vía pública, calquera que sexa o lugar en que se desenvolva e sen prexuízo das licenzas ou autorizacións que en todo caso sexan procedentes, esixe dos seus titulares a obriga de adoptar as medidas necesarias para evitar a sucidade na vía pública, así como a de limpar a parte dela e dos seus elementos estruturais que se viran afectados, e a de retirar os materiais resultantes.

A autoridade municipal poderá esixir en todo momento as accións de limpeza correspondentes tendo en conta o disposto no parágrafo anterior.



Artigo 10.—Realización de obras

10.1.—Para prever a sucidade, as persoas que realicen obras na vía pública deberán proceder á protección desta mediante a colocación de elementos axeitados arredor dos derrubes, terras e outros materiais sobrantes de obra, de modo que impidan a diseminación e vertido destes materiais fóra da estrita zona afectada polos traballos.

10.2.—En especial as superficies inmediatas de zanxas, canalizacións e conexións realizadas na vía pública deberán manterse limpas e exentas de toda clase de materias residuais. As terras extraídas deberán de protexerse en todo caso segundo se determina no punto anterior.

10.3.—Cando se trate de obras na vía pública ou confrontantes, deberán de instalarse valados e elementos de protección así como tubos para carga e descarga de materiais e produtos de derrubo, que deberán de reunir as condicións necesarias para impedir que se ensucie a vía pública e que se causen danos ás persoas e ás cousas.

Artigo 11.—Cando se trate de vivendas en construción, a obriga de limpar a vía pública en todo o ámbito material establecido nos artigos 9 e 10 corresponderá ó contratista. Unha vez rematada a obra e recollidos a totalidade dos escombros e/ou materiais o contratista deberá de deixar en perfecto estado tanto a vía pública como a beirarrúa no seu caso. Os materiais empregados na reposición dos pavimentos afectados serán exactamente os mesmos que os existentes con anterioridade á execución das obras, excepto que na licenza municipal ou por orden municipal posterior se indiquen outros.

A efectos de garantir o cumprimento desta obriga, por parte dos servizos técnicos municipais esixírase o oportuno aval, que deberá de ser depositado con anterioridade ó inicio das obras.

Artigo 12.—A limpeza de escaparates, tendas, postos de venda, establecementos comerciais, terrazas,... efectuada por particulares farase sempre con coidado de non ensuciar a vía pública. O titular da actividade será o responsable da observancia deste requisito.

Artigo 13.—Están obrigados a limpar os espazos ocupados habitualmente polos vehículos de tracción mecánica os responsables dos establecementos e industrias que os utilicen para o seu servizo, en especial en canto se refire ós vertidos de aceites, graxas ou produtos similares, así como os restos de terra, esterco, etc., que queden no espazo público despois das labores agrarias nas fincas, especialmente ó saír os vehículos ás beirarrúas ou estradas, dos que serán responsables os donos das propiedades.

Artigo 14

14.1.—Prohíbese o abandono de mobles e enseres particulares na vía pública.



14.2.—Será potestade dos servizos municipais a retirada, sen previo aviso, de todo obxecto ou material abandonado cando dificulte o paso, a libre circulación ou poida afectar á limpeza ou decoro da vía pública.

14.3.—Os materiais sinalados nos apartados 1 e 2 precedentes serán trasladados, para ou seu depósito ou eliminación, ós lugares ou equipamentos previstos a tal fin pola autoridade municipal.

14.4.—O depósito destes materiais rexerá en todo momento pola lexislación vixente, e no non previsto, polo que dispoña a Alcaldía.

14.5.—Os gastos producidos polo seu traslado, depósito e custodia destes materiais serán a cargo dos seus propietarios ou produtores, sen prexuízo da tramitar o correspondente expediente sancionador.

TÍTULO III.—CONDICIÓN DE LIMPEZA DO USO COMÚN ESPECIAL E PRIVATIVO DO DOMINIO PÚBLICO MUNICIPAL

Capítulo I.—Condicións xerais

Artigo 15.—A sucidade da vía pública producida a consecuencia do uso común e privativo será responsabilidade dos seus titulares. Os titulares de establecementos, sexan fixos ou non, tales como bares, cafés, quioscos, postos de venda e similares, terán a obriga de manter nas debidas condicións de limpeza tanto as propias instalacións como o espazo urbano sometido á súa influencia.

Artigo 16.—Os organizadores dun acto público na rúa serán responsables da sucidade derivada da celebración de tal acto na mesma. A efectos da limpeza do Concello, os organizadores terán a obriga de informar ó Concello do lugar, percorrido e horario do acto público a celebrar. O Concello poderalles esixir a constitución dunha fianza en metálico ou aval bancario polo importe dos servizos subsidiarios de limpeza, que previsiblemente lles puidera corresponder efectuar a consecuencia da sucidade que se derivase do acto público.

Artigo 17.—A colocación e pegado de carteis e pancartas e calquera outra actividade publicitaria está suxeita a autorización municipal, salvo as asociacións, entidades e organizacións do Concello de Ponte Caldelas, que desenvolvan a súa actividade sen ánimo de lucro, estando suxeitos ó disposto no Artigo 18 e establecéndose o prazo de 1 mes.

Artigo 18.—A concesión da autorización para a colocación ou distribución de rótulos e demais elementos publicitarios, levará implícita a obriga para o responsable de limpar os espazos da vía pública que se mancharan, e de retirar dentro do prazo autorizado tódolos elementos publicitarios que se empregaran e os seus correspondentes accesorios. Para a



colocación ou distribución na vía pública dos elementos publicitarios o Concello poderá esixir a constitución de fianza ou aval bancario pola contía correspondente ós custos previsibles que puideran causar sucidade.

Capítulo II.—Da colocación de carteis e pancartas na vía pública

Artigo 19

19.1.—Prohíbese a colocación e pegada de carteis e adhesivos, con excepción dos casos e lugares autorizados.

19.2.—Prohíbese a colocación de carteis e pancartas en bens afectos a un servizo público municipal, tales como marquesiñas, contenedores, farolas, papeleiras, etc., ou en calquera outro mobiliario urbano existente, salvo excepción xustificada que se puidera habilitar mediante autorización municipal.

19.3.—Os promotores ou beneficiarios desta publicidade responderán desta prohibición. O incumprimento da mesma dará lugar á imposición da sanción correspondente, así como á obriga do publicitario de proceder á retirada destes carteis e pancartas e á limpeza da parte manchada.

Artigo 20.—A colocación de pancartas na vía pública soamente se autorizará nos seguintes supostos:

- a) En período de eleccións políticas e sindicais nos lugares previamente determinados e habilitados pola Xunta Electoral.
- b) En período de festas populares e tradicionais nos distintos núcleos.
- c) En situacións expresamente autorizadas pola Alcaldía.

As pancartas, carteis e demais elementos, deberán de ser retirados tan pronto como rematara o prazo para o que foron autorizadas. De non facelo así retiraranse polos servizos municipais, imputándose ós responsables o custo correspondente ó servizo prestado, sen prexuízo da imposición da sanción ós responsables por parte da autoridade municipal.



Capítulo III.—Das pintadas

Artigo 21.—Prohíbese toda clase de pintadas na vía pública e en calquera edificación en xeral, tanto sobre os seus elementos estruturais, calzadas, beirarrúas e mobiliario urbano, como sobre os muros e paredes exteriores do Concello, Colexio Público e demais edificios de carácter municipal, salvo excepción xustificada que se puidera habilitar mediante autorización municipal.

Artigo 22.—O mobiliario urbano existente nos parques, xardíns, zonas verdes e vías públicas, no que se encontran comprendidos os bancos, xogos infantís, papeleiras, fontes, sinalización e elementos decorativos tales como farolas e estatuas, deberán de manterse no máis axeitado e estético estado de limpeza e conservación. No caso de que se produzan destrozos, danos ou agresións contra o citado mobiliario urbano, o Concello practicará as averiguacións necesarias co obxecto de recoñecer ós infractores e iniciar o correspondente expediente sancionador.

*TÍTULO IV.—DA LIMPEZA PRIVADA**Capítulo I.—Da limpeza e mantemento dos soares e construcións**Artigo 23*

23.1.—Os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán:

a) Destinalos ós usos permitidos polo planeamento urbanístico.

b) Mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

Esta obriga alcanza á totalidade das edificacións, solares, predios, fincas ou espazos particulares e/ou privados, incluídas as distintas partes das mesmas, especialmente as visibles ou colindantes desde a vía pública.

Especificamente os propietarios de terreos lindantes con vías públicas municipais deberán manter libre de maleza ou árbore o espazo de dous metros medidos horizontalmente dende a marxe da vía de acordo coa relación de especies establecida na Disposición Adicional Terceira da Lei 3/2007 de 9 de abril de prevención de defensa de contra os incendios forestais de Galicia.



O Concello, de oficio, ordenará ós propietarios a execución das obras necesarias que garantas as obrigas ó principio indicadas, co obxecto de deixalas en perfectas condicións de limpeza, ornato e hixiene. En todo caso o incumprimento desta obriga determinará a incoación do correspondente expediente sancionador, con imposición da multa que proceda segundo a lexislación vixente e con advertencia da súa execución con carácter subsidiario polo propio Concello con cargo ó obrigado.

No caso de vivendas ou edificacións que presenten un estado de ruínas e que supoñan risco de perigo para os viandantes ou veciños en xeral, así como problemas de salubridade, o Concello poderá iniciar de oficio o correspondente expediente de declaración de ruína.

Igualmente, é obriga dos propietarios dos edificios lindantes coa vía pública manter as baixantes e canalóns en perfectas condicións e debidamente conectados á rede municipal, impedindo en todo caso a caída da auga ós espazos públicos.

23.2.—A prescrición anterior inclúe a esixencia da desratización e desinfección dos solares.

23.3.—É potestade do Concello a inspección e realización subsidiaria dos traballos de limpeza ós que se refiren os números 1 e 2 anteriores. No caso de execución subsidiaria destes traballos polos servizos municipais, esta farase con cargo ó obrigado, sen prexuízo da imposición de multas coercitivas e sancións correspondentes.

23.4.—Os propietarios de solares, predios, fincas ou espazos privados que linden coa vía pública ou beirarrúa, no seu caso deberán valalos con cercados permanentes situados na aliñación oficial (previa autorización municipal) e mantelos libres de residuos e en condicións de hixiene, seguridade e ornato.

As características de valados e peches das fincas deberán de axustarse ó establecido no planeamento municipal e, en caso de peches vexetais, o propietario deberá de asegurarse de que o voo dos mesmos non sobrepase a correspondente aliñación, podendo en caso contrario o Concello proceder á súa poda, a costa do propietario, sen prexuízo da imposición de multas coercitivas ademais das sancións que procedan.

23.5.—No caso de que o Concello teña realizado ou previsto realizar obras de urbanización na vía pública coa que linda a finca ou solar, o valado deberá de realizarse polo propietario con criterios de uniformidade e seguindo as directrices marcada polo Concello.

23.6.—Os propietarios dos solares, predios, fincas ou espazos particulares que lindando coas vías públicas ou con beirarrúas no seu caso e que estean nunha situación de plano superior ou inferior con respecto da vía pública ou da beirarrúa, deberán adoptar as medidas



necesarias para garantir que o acceso ás propiedades, tanto se é en rampa como en escaleiras, estas deberanse de construír dentro da propiedade, deixando totalmente libres de afectación tanto a vía pública como a beirarrúa no seu caso.

23.7.—En tódalas entradas ás propiedades, os seus propietarios terán especial coidado en evitar que caian para a vía pública ou beirarrúa restos de operacións de labranza, colleitas, refugallos, abonos, etc. adoptando as medidas necesarias para que iso non se produza.

23.8.—A entrada de maquinaria agrícola ou vehículos motorizados en xeral a través de vías públicas ou beirarrúas só estará permitida no caso de que o peso das mesmas non produza desperfectos no pavimento e servizos públicos. En caso contrario deberase proceder de inmediato á perfecta reposición dos mesmos con cargo ó seguro da maquinaria causante ou en calquera caso con cargo ó propietario do solar ou predio obxecto destas actuacións. Esta actuación estará suxeita a previa autorización municipal.

23.9.—O incumprimento de calquera dos puntos anteriormente citados dará lugar á incoación do correspondente expediente sancionador, con imposición da multa que proceda e con advertencia da súa execución con carácter subsidiario polo propio Concello, e con cargo ós infractores ou obrigados. Especificamente polo que se refire á obriga de cerramento de fincas e solares, o Concello notificará ós propietarios o prazo para proceder ó seu cumprimento, advertíndolle que en caso contrario se procederá a efectuar a obra á súa costa, comunicándolle á súa vez o orzamento estimado da mesma.

23.10.—Este deber non exime da obrigatoriedade da solicitude da autorización municipal ou formulación de comunicación previa correspondente.

TÍTULO V.—TRATAMENTO DOS RESIDUOS SÓLIDOS URBÁNS

Capítulo I.—Do depósito e recollida de residuos

Artigo 24.—A recollida de residuos sólidos urbanos, será realizada única e exclusivamente polo persoal de limpeza do Concello de Ponte Caldelas ou ben pola empresa privada concesionaria do servizo.

Ningunha persoa, física ou xurídica, poderase adicar a estas actividades sen a previa autorización municipal.

O lavado e limpeza dos contenedores e papeleiras será realizado periodicamente polo Concello ou a empresa concesionaria do servizo.



Artigo 25.—De acordo co previsto na Lei 10/2008 do 3 de novembro e na Lei 22/2011 de 28 de xullo de residuos e solos contaminados, quen produza residuos comerciais estará obrigado a entregar os seus residuos a un xestor autorizado para o seu tratamento, ou ben acollerse ó sistema de recollida e xestión que no seu caso o Concello estableza.

O produtor ou posuidor inicial re recursos comerciais non perigosos deberá acreditar documentalmente a correcta xestión dos recursos ante a entidade local.

No caso de incumprimento das obrigas de xestión de recursos comerciais non perigosos, a entidade local asumirá subsidiariamente a súa xestión e poderá repercutir ó obrigado o custo real da mesma. Todo elo sen prexuízo das responsabilidades en que puidera incurrir.

Artigo 26.—O depósito dos residuos nos colectores e papeleiras realizarase obrigatoriamente en bolsas de plástico, debendo estar pechadas e ocupar o menor espazo posible.

Queda prohibido depositar lixo en rúas e beirarrúas fóra dos colectores así como dos horarios establecidos polo Concello, agás no previsto nos artigos 31.7 a 31.11.

TÍTULO VI.—OUTROS RESIDUOS SÓLIDOS

Capítulo I.—Dos entullos

Artigo 27

27.1.—Os entullos procedentes das obras ou derrubos, así como as terras procedentes do baleirado ou movemento de terras, e os restos de labores agrícolas, restos de cortes de céspede, etc., deberán eliminarse con medios propios polos interesados, que os depositarán nos lugares específicos destinados a tal fin, segundo a normativa legal existente no momento.

Os entullos ós que se refira este artigo só poderán depositarse na vía pública, empregando colectores axeitados. A súa instalación deberá de cumprir os requisitos e condicións establecidos polo Concello.

27.2.—Cando os colectores estean cheos de entullos, procederase nun prazo non superior a 48 horas á súa retirada e substitución por outros baleiros.

27.3.—Os entullos serán levados ós vertedoiros autorizados polo Concello ou polas administracións competentes na materia.

Artigo 28.—Prohíbese depositar entullos en terreos ou zonas que non estean autorizadas polo Concello mediante a oportuna licenza ou autorización de depósito, sendo responsables do cumprimento as persoas que o realicen e, en caso de ser transportados por vehículos, os propietarios destes.



Igualmente queda prohibido almacenar na vía pública, fóra dos límites da valla protectora das obras, materiais de construción tales como cemento, ladrillos, area, etc...

Así mesmo, queda terminantemente prohibido depositar escombros, arroxar lixo, ou efectuar calquera clase de verquidos ós cauces dos ríos e nas súas marxes.

Capítulo II.—Dos mobles e enseres

Artigo 29.—Prohíbese depositar na vía pública e espazos públicos, mobles, útiles, electrodomésticos, e outros obxectos inservibles para que sexan retirados polos camións recolectores da recollida de lixo domiciliario, debendo as persoas que desexen desprenderse dos mesmos solicitar a prestación do servizo municipal correspondente.

As datas, horas e lugar de depósito establecidos para a recollida serán fixados polo Concello.

Capítulo II.—Dos animais mortos

Artigo 30

30.1.—Prohíbese o abandono de cadáveres de animais de toda especie en calquera clase de terreos, así como tiralos ós ríos ou sumidoiros, ou enterralos en terreos de propiedade pública.

30.2.—As persoas que observen a presenza dun animal morto deben de comunicar tal circunstancia ó Concello a fin de que proceda á retirada do cadáver nas condicións hixiénicas necesarias.

30.3.—A sanción por incumprimento desta norma será independente das responsabilidades que estean previstas na normativa de orde sanitario correspondente.

TÍTULO VII.—DA RECOLLIDA SELECTIVA

Capítulo I.—Do depósito e recollida

Artigo 31.—Os usuarios/as quedan obrigados a depositar os residuos nos seus lugares adecuados, podendo ser obxecto de sanción a inobservancia deste feito.

31.1.—Depositárase no colector verde de residuos orgánicos os restos procedentes da limpeza ou a preparación dos alimentos xunto coa comida que sobra e todo aquilo que non se pode reciclar (pañais, papel sucio, bastoncillos, etc.)



31.2.—Depositarse no colector azul de papel e cartón, periódicos, revistas, publicidade, pequenas caixas de cartón, embalaxes, bolsas de papel, etc.

31.3.—Depositarse no colector amarelo de envases, envases de plástico para alimentación (botellas de auga, refrescos, leite, zume, envases de produtos lácteos, tapas e tapóns de plástico, ...), envases de plástico para produtos de aseo e limpeza, bricks, envases metálicos (latas de cervexa, refrescos, conservas), aerosois, bolsas e envoltorios de plástico e aluminio,...

31.4.—Depositarse no colector verde de vidro, botellas de vidro de calquera cor, tarros de vidro, frascos de conservas, tarros de cosmética e perfumería, ...

31.5.—As pilas depositaranse nos colectores de recollida selectiva determinados polo Concello a tal fin.

31.6.—Os aceites domésticos usados depositaranse nos colectores de recollida selectiva determinados polo Concello a tal fin.

31.7.—Voluminosos: queda prohibido o depósito destes residuos nos colectores ou nas súas inmediacións, así como o abandono dos mesmos na vía pública ou en solares ou terreos tanto públicos como privados. As persoas que desexen desprenderse de voluminosos deberán de solicitálo ós servizos municipais, acordando en cada caso e previamente os detalles da recollida. Tamén existe a opción de que o particular poida achegar ó Punto Limpo situado no Polígono Industrial de A Reigosa, respectado os límites establecidos na Ordenanza Reguladora de dito servizo.

31.8.—Residuos de aparellos eléctricos e electrónicos (RAEE's): o concello disporá dun servizo gratuito de recollida deste tipo de residuos procedentes de fogares particulares ou de fontes comerciais, industriais, institucionais e doutro tipo que, pola súa natureza e cantidade, sexan similares ós procedentes de fogares particulares. A recollida farase previa solicitude ós servizos municipais e acordando os detalles da recollida, quedando prohibido o depósito destes residuos nos contenedores ou nas súas inmediacións, así como o abandono na vía pública ou en solares ou terreos tanto públicos como privados.

A recollida municipal de RAEE's prestarase ós residuos incluídos na lista de RAEE's do ámbito de aplicación do Real Decreto 110/2015, sobre aparellos eléctricos e electrónicos.

Como resultado da aplicación do artigo 22, Real Decreto 110/2015, sobre aparellos eléctricos e electrónicos, canda o persoa usuaria adquira un novo aparello eléctrico ou electrónico, que sexa de tipo equivalente ou realice as mesmas funcións có aparello que se desfeita, poderá entregalo de forma gratuita á cadea distribuidora de venda que deberá de recepcionalo. O usuario poderá entregar o RAEE que desfeita polo mesmo no punto de venda ou realizar a entrega no fogar ó subministrarlle o vendedor un novo RAEE.



31.9.—Os residuos perigosos no fogar deberán ser entregados no Punto Limpo previa chamada de solicitude de entrega ós servizos municipais que supervisarán a entrega. Entenderase como este tipo de residuos os seguintes:

- a) Pinturas obsoletas, vernices, colas e outros produtos químicos.
- b) Produtos de limpeza.
- c) Aceite de automoción procedente de particulares.
- d) Disolventes non haloxenados.
- e) Aerosois baleiros.
- f) Baterías de automoción.
- g) Outros de natureza análoga.

31.10.—Medicamentos e envases de medicamentos deberán de ser entregados no punto SIGRE da farmacia.

31.11.—O Servizo de Punto Limpo, situado no Polígono Industrial de A Reigosa, estará regulado polo Regulamento de Explotación do Punto Limpo en vigor.

TÍTULO VIII.—DO TRATAMENTO DOS RESIDUOS

Capítulo I.—Do depósito e tratamento

Artigo 32.—É de exclusiva competencia municipal os vertedoiros e plantas de eliminación de lixos e residuos sólidos urbanos. A xestión do servizo de limpeza farase ou ben directamente polos servizos de limpeza do Concello ou a través dunha empresa concesionaria do servizo.

Artigo 33.—As instalacións industriais que realicen actividades tendentes á eliminación dos residuos, estarán ó disposto nas leis vixentes na materia.

Artigo 34.—Queda prohibido en todo o territorio municipal de Ponte Caldelas o depósito de lixos e residuos en zonas distintas ás instalacións municipais dedicadas a tal fin. Todo vertedoiro clandestino será clausurado inmediatamente sen prexuízo das sancións que corresponda impoñer.



TÍTULO IX.—DOS VEHÍCULOS ABANDOADOS

Artigo 35.—Ós efectos da Lei 10/2008, de 3 de novembro, de Residuos de Galicia, terán a consideración de residuos urbanos ou municipais os vehículos abandonados. De conformidade co establecido no artigo 3.b) da Lei 22/2011, de 28 de xullo, de Residuos e Solos Contaminados, os vehículos abandonados terán a consideración de residuo doméstico.

Artigo 36.—A Lexislación aplicable é a seguinte:

— Os artigos 73 e 86 do Real Decreto Legislativo 339/1990, de 2 de marzo, polo que se aproba o Texto Articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Viaria.

— Os artigos 4.2 parágrafo 2º, 5.2 e), 7, 58 e 62.b) da Lei 10/2008, de 3 de novembro, de Residuos de Galicia.

— Os artigos 3.b), 12.5, 46.3.c) e 49.3 da Lei 22/2011, de 28 de xullo, de Residuos e Solos Contaminados.

— O Real Decreto 1383/2002, de 20 de decembro, sobre Xestión de Vehículos ao Final da súa Vida Útil.

— A Orde de 14 de febreiro de 1974 pola que se regula a Retirada da Vía Pública e o Depósito de Vehículos Automóbiles Abandonados.

— A Orde MAM/304/2002, de 8 de febreiro, pola que se publican as Operacións de Valorización e Eliminación de Residuos e a Lista Europea de Residuos.

— A Orden INT/624/2008, de 26 de febreiro, pola que se regula a Baixa Electrónica dos Vehículos Descontaminados ao Final da súa Vida Útil.

— Os artigos 25.2.b) e 26.1 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Artigo 37.—De conformidade co artigo 86.1.b) do Real Decreto Legislativo 339/1990, de 2 de marzo, polo que se aproba o Texto Articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Viaria, a Administración competente en materia de xestión do tráfico poderá ordenar o traslado do vehículo a un Centro Autorizado de Tratamento de Vehículos para a súa posterior destrución e descontaminación cando permaneza estacionado por un período superior a un mes no mesmo lugar e presente danos que fagan imposible o seu desprazamento polos seus propios medios ou lle falten as placas de matrícula.



Artigo 38.—En canto á competencia deberán terse en conta:

— Os artigos 25.2.b) e 26.1.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, que establecen entre os servizos mínimos o de recollida, transporte e eliminación de residuos urbanos.

— E o artigo 5 da Lei 10/2008, de 3 de novembro, de Residuos de Galicia, en relación co artigo 12.5 da Lei 22/2011, de 28 de xullo, de Residuos e Solos Contaminados, nos que se establece que as Entidades Locais serán competentes para a xestión dos residuos domésticos.

Artigo 39.—Segundo o apartado terceiro do artigo 86 do Real Decreto Legislativo 339/1990, de 2 de marzo, naqueles casos en que se estime conveniente o Alcalde ou autoridade correspondente por delegación poderán acordar a substitución da destrución do vehículo pola súa adxudicación aos servizos de vixilancia e control do tráfico.

Artigo 40.—*Procedemento:*

O procedemento para ordenar o traslado a un Centro Autorizado de Tratamento de Vehículos nos casos en que estes permanecen estacionados por un período superior a un mes no mesmo lugar e que presentan danos que fan imposible o seu desprazamento polos seus propios medios ou que lle faltan as placas de matrícula, será o previsto no artigo 86 do Real Decreto Legislativo 339/1990, de 2 de marzo. Iso no entanto, se ao longo deste proceso ese vehículo presentase algún tipo de risco para o resto de usuarios da vía pública, poderá ser retirado inmediatamente.

A. O procedemento poderá iniciarse ben de oficio ou ben por denuncia de particular.

Iniciado o procedemento mediante denuncia de particular, na que se poña de manifesto a existencia na vía pública dun vehículo abandonado, procederase á comprobación pola Policía Municipal.

B. Transcorrido un período superior a un mes desde o estacionamento do vehículo no mesmo lugar, presentando este danos que fagan imposible o seu desprazamento ou carecendo das placas de matriculación, requirirase ao titular para que, no prazo dun mes, proceda a súa retirada da vía pública. Finalizado devandito prazo, por parte da Policía Municipal, procederase a comprobar a permanencia ou non do vehículo en vía pública, levantando acta en cada comprobación que leve a cabo.



No requirimento que se faga ao propietario advertiráselle que, de non retirar o vehículo da vía pública no prazo dun mes outorgado ao efecto, devandito vehículo será considerado como residuo urbano ou municipal, nos termos previstos no artigo 4.2) da Lei 10/2008, de 3 de novembro, de Residuos de Galicia, e procederáse ao seu ao traslado do vehículo ao Centro Autorizado de Tratamento de Vehículos.

Téñase en conta que de conformidade co establecido no artigo 3.b) da Lei 22/2011, de 28 de xullo, de Residuos e Solos Contaminados, os vehículos abandonados son incluídos na categoría de residuos domésticos.

No caso de que se inicie o procedemento de oficio, comezará a computarse o prazo dun mes desde a data da denuncia; se se inicia a instancia de parte, comezará a computarse o prazo desde a data da acta de comprobación da Policía Municipal.

Se non fose posible a identificación do titular, notificarase de conformidade co disposto na lexislación de procedemento administrativo correspondente procedéndose ao tratamento do mesmo como residuo doméstico segundo o sinalado no parágrafo anterior, unha vez transcorresen os prazos establecidos legalmente.

C. Se no prazo dun mes, contado desde a notificación do requirimento, o titular do vehículo non procede á súa retirada, este será considerado residuo doméstico e entregado polo Concello ao Centro de Tratamento para a súa posterior destrución e descontaminación.

Naqueles casos en que se estime conveniente, o Alcalde, ou autoridade correspondente por delegación, poderá acordar a substitución da destrución do vehículo pola súa adxudicación aos servizos de vixilancia e control do tráfico.

No acto de retirada do vehículo da vía pública deberá estar presente o Axente da Policía Municipal, que levantará acta de traslado do vehículo.

Artigo 41.—A permanencia do devandito vehículo na vía pública pode ser constitutiva de infracción de conformidade co disposto no artigo 60 e ss. da Lei 10/2008, de 3 de novembro, de Residuos de Galicia, en cuxo caso, tramitarase o correspondente procedemento sancionador.

TÍTULO X.—DA LIMPEZA DE TERREOS E PROTECCIÓN CONTRA INCENDIOS FORESTAIS

Capítulo I.—Da xestión da masa vexetal/limpeza de terreos

Artigo 42.—A efectos desta Ordenanza, entenderase como persoas responsables ás persoas titulares ou, no seu caso, os titulares do dereito de aproveitamento sobre os terreos urbanos, urbanizables e de núcleo rural, así como as administracións, as entidades ou as



sociedades que teñen encomendada a competencia sobre a xestión, ou cedida esta en virtude dalgunha das formas previstas legalmente, das vías de comunicación e das liñas de transporte de enerxía eléctrica, sobre os tipos de solo referidos anteriormente.

Artigo 43.—Obrigas xerais. De acordo co establecido no Artigo 3 da Lei 3/2007, de 9 de abril, de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Galicia son obrigas xerais:

a) Toda persoa deberá de extremar o coidado do monte na realización de usos ou actividades no mesmo, respectando as prohibicións, limitacións ou normas establecidas o efecto na citada Lei e na súa normativa de desenvolvemento, así como na normativa estatal básica.

b) Toda persoa ou entidade pública ou privada haberá de prestar a colaboración requirida, de acordo coas súas posibilidades, polas autoridades competentes na loita contra os incendios forestais e para a adopción de medidas de prevención ou protección.

c) As persoas propietarias, arrendatarias e usufrutuarías de terreos forestais e das zonas de influencia forestal, así como titulares ou concesionarias de infraestruturas públicas ubicadas nos mesmos, teñen a obriga de mantelos en condicións que contribúan a previr e evitar os incendios forestais, respectando especialmente as relativas á xestión da biomasa vexetal e as disposicións referentes ás especies que se contemplan na disposición adicional terceira da Lei 3/2007. As obrigas as que se refire o parágrafo anterior entenderanse sen prexuízo das establecidas pola consellería competente en materia de medio ambiente no suposto de terreos incluídos en espazos naturais protexidos.

d) A realización de actividades que poidan conlevar risco de incendios forestais, tanto en terreos forestais como nas súas áreas de influencia, axustarase ó disposto na Lei 3/2007 e na súa normativa de desenvolvemento.

Artigo 44.—*Criterios da limpeza de terreos*

44.1.—Consonte o disposto na Lei 3/2007, de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Galicia, as persoas responsables dos terreos ubicados en solo urbano, urbanizable ou de núcleo rural deberán acometer os criterios de limpeza establecidos neste artigo para cada clase de terreo, en todo caso, antes do 30 de xuño de cada ano.

44.2.—Nos terreos clasificados como solo urbano, urbanizable ou solo de núcleo rural, as persoas responsables deberán de facer a limpeza de terreos na totalidade da parcela conforme ós seguintes criterios:

a) Roza para a eliminación do estrato herbáceo e arbustivo sempre que supoña un mínimo risco para a propagación dos incendios incontrolados de vexetación.



b) Poda e rareo do estrato arbóreo de forma que se manteña unha discontinuidade horizontal entre as copas das árbores e vertical entre estas e os estratos herbáceo e arbustivo. Este criterio non será aplicable en parques e xardíns municipais, árbores senlleiras ou aquelas que cumpran funcións ornamentais ou se atopen illadas e non supoñan un mínimo risco para a propagación de incendios incontrolados de vexetación.

44.3.—Nos espazos previamente definidos como redes secundarias de faixas de xestión de biomasa nos plans municipais de prevención e defensa contra incendios forestais, será obrigatorio para as persoas responsables, nos termos establecidos no artigo 21 ter da Lei 3/2007 de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, xestionar a biomasa vexetal (proceder á limpeza de maleza) nunha franxa de 50 metros perimetral ó solo urbano de núcleo rural ou urbanizable, así como arredor de edificacións, vivenda illadas e urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais, situadas a menos de 400 metros do monte, de acordo cos criterios para a xestión da biomasa estipulados na Lei 3/2007 de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento.

Ademais nos primeiros 30 metros non poderá haber as especies sinaladas na Disposición Adicional Terceira da Lei 3/2007, que se recollen no Anexo I desta ordenanza. As distancias mediranse desde o límite do solo urbano ou de núcleo rural, de ser o caso. As distancias no seu caso de edificacións, vivendas illadas ou urbanizacións mediranse desde o seu paramento. No caso de depósitos de lixo, parques e instalacións industriais, mediranse desde o límite das instalacións.

No caso de cámpings, gasoleiras e industrias nas que se desenvolvan actividades perigosas consonte o establecido na Lei 1/1195, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia, en na súa normativa de desenvolvemento, as distancias para as especies sinaladas na disposición adicional terceira da Lei 3/2007 serán de 50 metros dende o límite das instalacións. No caso dos cámpings esta distancia medirase desde o peche perimetral.

44.4.—Tal e como establece a disposición adicional terceira da Lei 3/2007 de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Galicia, mentres non se definan as redes secundarias de faixas de xestión da biomasa nos plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais, serán directamente aplicables as obrigas derivadas do disposto no artigo 21 da Lei, descritas no punto 3 deste artigo.

Artigo 45.—O Concello actuará a instancia de calquera interesado, sendo o encargado de verificar o estado das parcelas ás que se faga referencia.



Artigo 46.—Execución subsidiaria

Se as persoas responsables non realizasen os traballos de limpeza de terreos nos prazos fixados polo Concello, este poderá levar a cabo os mesmos, logo do previo apercebimento en forma e sen prexuízo da imposición, previo a tramitación do oportuno expediente, sen prexuízo da imposición de multas coercitivas e da sanción correspondente.

Os custos derivados destes traballos serán repercutidos, se é o caso, ás persoas responsables, procedendo, de ser o caso, ó cobro dos gastos que se ocasionen ó Concello a través do procedemento de apremio.

*Capítulo II.—Das distancias das plantacións**Artigo 47.—Prohibicións e distancias das repoboacións forestais e plantacións*

47.1.—De conformidade co disposto na Lei 7/2012, de Montes, quedan prohibidas as repoboacións forestais nos terreos clasificados como solo urbano, urbanizable e de núcleo rural.

47.2.—No seu caso as repoboacións forestas preexistentes antes da entrada en vigor da Lei 7/2010, de montes, deberán adecuarse para gardar, respecto das edificacións, vivendas illadas, pozos, e instalacións industriais, a distancia mínima de 15 metros cando se trate de especies frondosas (Anexo II desta Ordenanza) e de 30 metros no resto de especies, tal e como se establece na Lei 7/2012 de montes de Galicia.

47.3.—Nos supostos de plantacións de árbores frutais, setos ou árbores ornamentais as distancias serán as fixadas na correspondente ordenanza urbanística deste Concello, e de non existir serán as fixadas pola normativa que resulte de aplicación.

Artigo 48.—Licenzas e permisos para talas

48.1.—As talas e os abatementos de árbores que constitúan masa arbórea, espazo boscoso, arboreda ou parque en solo urbano, núcleo rural e urbanizable estarán suxeitas á obtención da previa licenza municipal.

48.2.—Así mesmo segundo o establecido na disposición transitoria quinta da Lei 7/2012 de montes, o aproveitamento das masas forestais existentes no momento da entrada en vigor da Lei 7/2012 en solos urbanizables delimitados estará sometido ó réxime de autorizacións da citada lei ata o desenvolvemento urbanístico dos citados solos, momento en que precisarán da licenza municipal descrita no punto 1 deste artigo.



TÍTULO XI.—RÉXIME SANCIONADOR**Capítulo I.—Aspectos xerais**

Artigo 49.—Calquera persoa, física ou xurídica, poderá denunciar perante o Concello de Ponte Caldelas as infraccións da presente ordenanza e as disposicións específicas sobre a materia, tendo a obriga de asinar a denuncia.

Artigo 50.—Constituirán infraccións administrativas os actos ou omisións que contraveñan o establecido nas normas contidas nesta ordenanza. As infraccións clasificaranse como leves, graves e moi graves.

Artigo 51.—Ós efectos do establecido no artigo anterior, terá a consideración de acto independente sancionable cada actuación, separada no tempo e no espazo, que sexa contraria ó disposto nesta ordenanza.

As sancións impostas adecuaranse ó establecido na normativa en vigor.

Corresponderá ó Alcalde sancionar as infraccións contidas na presente ordenanza, segundo dispón o artigo 21.1.n) da Lei 7/1985, de Bases de Réxime Local, salvo que proceda á delegación de tal competencia.

Cando se detecten infraccións de índole penal ou de competencia doutras administracións darase conta inmediata das mesmas á autoridade ou organismo que corresponda, sen prexuízo da aplicación do réxime sancionador que sexa de aplicación en base á normativa de aplicación por razón da materia en cuestión.

Capítulo II.—Das infraccións leves

Artigo 52.—*Consideraranse infraccións leves:*

a) A realización das actuacións prohibidas nos artigos 6, 7.1, 12, 13, 14, 19, 20, 22, 23, 26, 29 e a inobservancia do recollido no Artigo 31.

b) Calquera outra actuación ou omisión contraria á ordenanza que non teña a cualificación de grave ou moi grave.

c) O maltrato de recipientes de recollida, así como a utilización doutros distintos ós autorizados.

d) Rasgar, ensuciar ou arrancar carteis ou anuncios colocados nos lugares e emplacements autorizados.



e) Non proceder á limpeza de terreos cos criterios regulados nesta Ordenanza.

Capítulo III.—Das infraccións graves

Artigo 53.—Consideraranse infraccións graves:

- a) A reincidencia de 3 faltas leves no período dun ano.
- b) Non manter en estado de limpeza os solares de propiedade privada segundo se establece no Título IV.
- c) O abandono de cadáveres de animais sobre toda clase de terreos públicos ou privados ou a súa inhumación (artigo 7.2).
- d) Arrojar calquera tipo de lixo en lugares públicos ou privados e, en todo caso, a realización de actividades prohibidas no artigo 8.
- e) Realización de pintadas ou actuacións semellantes en edificacións (artigo 21).
- f) Non realizar os cerramentos dos solares, fincas e terreos particulares que linden con vías públicas ou beirarrúas no seu caso, ou facelo sen a correspondente autorización municipal ou comunicación previa, fóra da aliñación oficial ou sen respectar a normativa urbanística ou a ordenanza correspondente (artigo 23).
- g) A realización de actuacións ou omisións contrarias ó previsto no artigo 27 e 28.
- h) As actuacións previstas no artigo 30.
- i) As infraccións previstas no Título IX.
- j) Non proceder á limpeza de terreos cos criterios establecidos nesta Ordenanza, unha vez notificada a súa obriga e despois de serlle notificada a valoración do custo das mesmas, cando exista risco inminente de incendio para as vivendas e persoas.
- k) Non permitir o acceso ó persoal de vixilancia á inspección dos terreos.
- l) A negativa a subministrar información á autoridade municipal, funcionarios e axentes en cumprimento das súas funcións.
- m) A realización de plantacións sen gardar as distancias establecidas na presente ordenanza.
- n) A realización de plantacións nos lugares expresamente prohibidos na presente ordenanza.



Capítulo IV.—Das infraccións moi graves

Artigo 54.—Consideraranse infraccións moi graves:

- a) A reincidencia de 2 infraccións graves no período dun ano.
- b) A realización de pintadas ou actuacións semellantes en monumentos, edificacións análogas ou en elementos protexidos pola normativa de patrimonio histórico-artístico.
- c) A recollida de residuos sólidos urbanos por persoas, físicas ou xurídicas, non autorizadas.
- d) A realización de actuacións en infracción da presente ordenanza que dea lugar á aparición de vertedoiros clandestinos.
- e) Cando houbese grave repercusión nos recursos naturais.
- f) A resistencia, coacción ou ameaza á autoridade municipal, funcionarios e axentes.

Capítulo V.—Das sancións

Artigo 55.—Sen prexuízo de esixir cando proceda as correspondentes responsabilidades de carácter penal ou civil correspondentes, as infraccións ós preceptos da presente ordenanza serán sancionadas da seguinte maneira:

- a) Infraccións leves: multa de ata 750 €.
- b) Infraccións graves: multa de 751 € ata 1.500 €.
- c) Infraccións moi graves: multa de 1.501 ata 3.000 €.

Artigo 56.—Para determinar a contía da sanción atenderase a circunstancias concorrentes nos feitos que a motivaron tales como a natureza da infracción, o grado de intencionalidade, reincidencia, contía do beneficio obtido e natureza dos prexuízos causados, así como aqueles factores que se poidan considerar como atenuantes ou agravantes e aqueles outros que veñan contemplados na lexislación de aplicación.

Artigo 57.—O procedemento sancionador tramitarase de acordo co establecido no Real Decreto 1398/1993 do 4 agosto de procedemento para o exercicio da potestade sancionadora e normativa que o substitúa.



Disposición adicional

Como Anexo I a esta Ordenanza inclúese a relación de especies non permitidas nas redes secundarias de xestión da biomasa, recollidas da disposición adicional terceira da Lei 3/2007 de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, e como Anexo II a relación de especies de frondosas, recollidas como Anexo I da Lei 7/2012 de Montes de Galicia.

ANEXO I.—Relación de especies non permitidas nas redes secundarias de xestión da biomasa: piñeiro do país, piñeiro silvestre, piñeiro de Monterrey, piñeiro de Oregón, mimosa, acacia negra, eucalipto, queiruga, carqueixa, xesta, carpaza, piorno, fento, silva e toxo.

ANEXO II.—Relación de especies de frondosas: ameneiro, pradairo, bidueiro, freixo, castiñeiro, cerdeira, carballo, cerquiño, sobreira, carballo albar, aciñeira, abeleira, faia, umeiro, loureiro, sorbeira do monte, capudre, nogueira e érbedo.

Disposición transitoria

As plantacións forestais existentes á entrada en vigor da presente Ordenanza, que, como consecuencia da súa aplicación, se atoparan a unha distancia menor á regulada no seu artigo 47, disporán dun período máximo de 2 anos para adaptarse á citada disposición, agás autorización do órgano competente da Xunta de Galicia en materia forestal.

Disposición derradeira

A presente Ordenanza entrará en vigor no día da publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia.

De conformidade co establecido nos artigos 10, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e 112.3 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, contra o presente acordo, os interesados unicamente poderán interpoñer directamente o recurso contencioso-administrativo ante a Sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados a partires do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

O Alcalde, Andrés Díaz Sobral.

Documento asinado electronicamente ao marxe.

